

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de setembro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as oito horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 5 de setembro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Tamara Sobrado Deza

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 1 de agosto de 2022 (RE-E núm. 372), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

| | |
|-----------------|---------------------|
| NOME E APELIDOS | TAMARA SOBRADO DEZA |
| DNI | ██████████ |

| | |
|-----------|---|
| DOMICILIO | LUGAR DE BARBEITOS, PARROQUIA DE NEGRELOS |
|-----------|---|

DATOS DA OBRA

| | |
|---------------------------|--|
| OBXECTO | ENCINTADO DE PEDRA EN FACHADA DE VIVENDA TRADICIONAL |
| LUGAR | BARBEITOS |
| PARROQUIA | NEGRELOS |
| CLASIFICACIÓN SOLO PXOM | SOLO DE NÚCLEO RURAL |
| REFª CATASTRAL DO INMOBLE | 002501500NH82E0001BZ |
| DOCUMENTACIÓN TÉCNICA | SI (Memoria técnica valorada redactada polo arquitecto técnico Don Javier Costoya Mosteiro, con data 07/02/22) |
| ORZAMENTO DE EXECUCIÓN | 4.600,00 € |
| PRAZO DE EXECUCIÓN | QUINCE (15) DÍAS |
| INFORME URBANÍSTICO | SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 05/09/22) |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de NOVENTA E DOUS EUROS (92,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIÁ DE CAMBA”, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 16 de marzo de 2022, foi aprobado o modificado núm. 1 do proxecto técnico da obra de “PAVIMENTACIÓN E REFORMA DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIÁ DE CAMBA”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data marzo de 2022, cun importe total de execución por contrata de TRESCENTOS NOVE MIL SEISCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (309.643,21 €), IVE incluído.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, por acordo de data 22/04/22, concedeu unha subvención por importe de 333.061,61 € para a citada obra (expediente núm. [REDACTED]).

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra e dos permisos sectoriais preceptivos, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación del presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de “*infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*”, establecida na letra d) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

(LRBRL), constituíndo o “*acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas*” servizos obrigatorios (artigo 26.1 a) do citado texto legal). Asemade, motívase o acordo na necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN E REFORMA DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 6 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE III”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 6, final e liquidación, correspondente á obra de “Construcción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase III”, por importe de DEZAOITO MIL CINCUENTA E TRES EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (18.053,27 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo arquitecto Don Pablo Noya Suárez e polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., por un importe total de 18.053,27 €, con cargo á correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 31 (FACe), de data 20/06/22, estendida pola sociedade adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba (*reparo suspensivo de Intervención levantado por acordo do Pleno de data 05/09/22*).

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 8 de xullo de 2022, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento da dirección facultativa, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 17/06/22.

Sexto.- Aprobar a acta de prezos contraditorios de data 17/06/22, asinada pola adxudicataria e a dirección da obra.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 534,57 €
Por subministro de diverso material informático, s/factura núm. 22A1153 (FACe).
- ALFONSO RIVAS CARDELLE 965,27 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. 531.
- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L.U. 1.950,30 €
Por servizo de recollida e transporte de residuos de puntos de acopio de plásticos agrícolas, s/factura núm. 22201 (FACe).

- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 417,15 €
Por subministro de cloro para a piscina municipal, s/factura núm. A113265 (FACe).
- ODAIKO KREA S.L. 845,00 € E 1.100,00 €
Por representación dos espectáculos “Verán miúdo” e “Circopeta”, dentro do programa “Cultura no camiño 2022”, s/facturas núm. 130 e 131.
- ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA S.L.L. 1.500,00 €, 900,00 € E 1.000,00 €
Por representación dos espectáculos “Seres fantásticos”, “A forza da queimada” e “A maxia do verán”, dentro do programa “Cultura no camiño 2022”, s/facturas núm. 20220154, 20220155 e 20220156 (FACe).
- BEGOÑA LÓPEZ PENAS 420,00 €
Por impartir clases de zumba no mes de maio de 2022, s/factura núm. 02/22 - (*reparo suspensivo de Intervención levantado por acordo do Pleno de data 05/09/22*).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)